

“Enuméranse aquí todas as accións do noso entendemento, polas que podemos chegar ao coñecemento das cousas sen temor algún de erro: e tan só se admiten dúas, a saber, a intuición e a dedución.

Entendo por intuición non a testemuña flutuante dos sentidos, ou o xuízo falaz dunha imaxinación que compón mal, senón a concepción dunha mente pura e atenta tan fácil e distinta, que en absoluto fiquen dúbida algunha sobre aquilo que entendemos; ou o que é o mesmo, a concepción non dubidosa dunha mente pura e atenta, que nace da soa luz da razón e que por ser máis simple, é máis certa que a mesma dedución que tampouco pode ser mal feita polo home. Así cada un pode intuír co espírito que existe, que pensa, que o triángulo está definido só por tres liñas, a esfera por unha soa superficie, e cousas semellantes ...

(...) A partir deste momento pode ser xa dubidoso porqué ademais da intuición engadimos aquí outro modo de coñecer; o que ten lugar por dedución: pola cal entendemos, todo aquilo que se sigue necesariamente doutras cousas coñecidas con certeza. Pero tivo que facerse así porque moitas cousas coñécense con certeza, aínda que elas mesmas non sexan evidentes, tan só con que sexan deducidas a partir de principios verdadeiros coñecidos mediante un movemento continuo e ininterrompido do pensamento que intúe con transparencia cada cousa en particular: non de outro modo sabemos que o último eslabón dunha longa cadea está enlazado co primeiro, aínda que non contemplemos con un só e o mesmo golpe de vista todos os intermedios, dos que depende aquela concatenación, con tal de que os recorramos cos ollos sucesivamente e lembremos que están unidos dende o primeiro ate o último cada un ao seu inmediato. Así pois, distinguimos aquí a intuición da mente da dedución en que esta é concibida como un movemento ou sucesión, pero non ocorre de igual modo con aquela; e ademais, porque para esta non é necesaria unha evidencia actual, como para a intuición, senón que máis ben recibe en certo modo da memoria a súa certeza. Do que resulta poder afirmarse que aquelas proposicións que se seguen inmediatamente dos primeiros principios, baixo diversa consideración, son coñecidas tanto por intuición como por dedución; pero os primeiros principios só por intuición, mentres que as conclusións remotas non o son senón por dedución.

E estes dous camiños son os máis certos para a ciencia, e non deben admitirse máis por parte do espírito, senón que todos os demais deben ser rexeitados como sospeitosos e suxeitos a erro.”

(René Descartes, Regras para a dirección do espírito)

Cuestións texto:

- 1) ¿Que dúas operacións intelectuais, propias da razón, poñemos en funcionamento para coñecer? Localiza frases no texto nas que o autor fala delas.
- 2) ¿Poderías explicar en base ao texto por que Descartes é racionalista?